Galicia Encantada



Augas

A auga preñada

No municipio de Navia de Suarna (Lugo), nos meses de febreiro e marzo non se botaba a auga aos campos porque as augas estaban "preñadas", segundo uns neses meses nacen os "cucharos" dentro de pequenas bolsas das que logo saen as ras no mes de abril; segundo outros chámanse "preñadas" porque neses meses traen como unha especie de "moco" parecido ao que botan as vacas pola matriz cando se están purgando. Por iso nese período do ano os campos só se regaban coa auga das fontes, pero non coa dos ríos e regueiros ata o mes de abril. A auga que corre ao longo do ano está "preñada" ao final do inverno, dise que é o período en que a auga está queda. Despois de quedar "preñada" a auga tamén quedará preñada a terra, que antes se purgou. Nos Ancares distinguen entre as augas boas e doces e as malas e bravas; as fontes de onde saen as primeiras están case todas na montaña, e dise que a súa auga é boa para "coller sangue"; as do pobo son sempre consideradas máis bravas. A auga que mana das rochas da montaña purifica e fecunda a terra. A algunhas desas fontes acudían as mulleres que tiñan dificultades para procrear (Aigas, Meda, Murias).

[Texto de Xabier Moure Salgado. Decembro de 2011]